

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 4 de setembro de 2026
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e corenta e tres minutos do día catro de setembro do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.37607.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 28 de agosto 2026.

2.37608.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BARRO, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "PROXECTO DE AMPLIACION DO SANEAMENTO EN PARADA. A PORTELA - BARRO. PONTEVEDRA" (Expte. 2026025750)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.



- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 01/04/2026, mediante rexistro WEB2026027344, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de BARRO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 75.177,18 euros, co obxecto do financiamento do investimento "PROXECTO DE AMPLIACION DO SANEAMENTO EN PARADA. A PORTELA - BARRO. PONTEVEDRA" (Expte.2026025750), cuxo orzamento ascende ao 75.177,28 euros, financiando o concello con fondos propios o importe restante de 0,10 euros.

Deste modo, a petición do Concello de BARRO queda configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2026-2027-€	Achegas doutras Plans ou programas-€	Fondos propios do Concello -€
2026	75.177,28	75.177,18	0,00	0,10

- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar e informe relativo á normativa sectorial, achegando as autorizacións sectoriais precisas.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os Concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexerase polas normas do Plan + Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e



vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 14/07/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 14/07/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/08/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de BARRO, CIF: P3600200D, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 75.177,18 euros, co obxecto do financiamento da actuación "PROXECTO DE AMPLIACION DO SANEAMENTO EN PARADA. A PORTELA - BARRO. PONTEVEDRA" (Expte.2026025750), cuxo orzamento ascende a 75.177,28 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN-PLAN + PROVINCIA 2026-2027	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	75.177,28 €	75.177,18 €	0,00- €	0,10-€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de BARRO, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



3.37609.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A GUARDA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "URBANIZACIÓN DA PROLONGACIÓN DA RÚA BAIXO MURO E CONEXIÓN COA RÚA IREIRA" (Expte. 2026024227)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
 - Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
 - En data 27/03/2026, mediante rexistro WEB2026025002, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de A Guarda na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 106.877,41 euros, co obxecto do financiamento do investimento "*Urbanización da prolongación da rúa Baixo muro e conexión coa rúa Ireira*" (Expte.2026024227), cun orzamento polo mesmo importe quedando configurada a petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:
- | Anualidade/s | Orzamento | Subvención
Plan +Provincia 2026-2027 | Achegas doutras
administracións | Fondos propios do
Concello |
|--------------|--------------|---|------------------------------------|-------------------------------|
| 2026 | 106.877,41 € | 106.877,41 € | 0,00 € | 0,00 € |
- En datas posteriores, o concello subsana a documentación presentada inicialmente.
 - Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do Servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 16/07/2026, e do xefe do Servizo de Cooperación, de data 17/07/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 27/08/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de A Guarda (P3602300J), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 106.877,41 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Urbanización da prolongación da rúa Baixo muro e conexión coa rúa Ireira*” (Expte.2026024227), cun orzamento polo mesmo importe, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2026-2027	Achegas doutras administracións	Fondos propios do Concello
2026	106.877,41 €	106.877,41 €	0,00 €	0,00 €

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de A Guarda, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.37610.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MORAÑA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "ELIMINACIÓN DE FOSA SÉPTICA DE PARAÑOS, EXECUCIÓN DE EBAR E CONEXIÓN A REDE DE SANEAMENTO" (Expte. 2026024795)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 30/03/2026, mediante rexistro WEB2026025642, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Moraña na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 133.521,06 euros, co obxecto do financiamento do investimento "*Eliminación de fosa séptica de Paraños, execución de EBAR e conexión a rede de saneamento*" (Expte.2026024795), cun orzamento polo mesmo importe quedando configurada a petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2026-2027	Achegas doutras administracións	Fondos propios do Concello
2026	133.521,06 €	133.521,06 €	0,00 €	0,00 €



- En datas posteriores, o concello subsana o proxecto presentado inicialmente.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do Servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 15/07/2026, e do xefe



do Servizo de Cooperación, de data 15/07/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/08/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Moraña (P3603200A), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 133.521,06 euros, co obxecto do financiamento do investimento "*Eliminación de fosa séptica de Paraños, execución de EBAR e conexión a rede de saneamento*" (Expte.2026024795), cun orzamento polo mesmo importe, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2026-2027	Achegas doutras administracións	Fondos propios do Concello
2026	133.521,06 €	133.521,06 €	0,00 €	0,00 €

- A concesión da subvención queda condicionada ás resolucións favorables da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Axencia Galega de Infraestruturas) e da Deputación de Pontevedra (Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais), así como a aportación da resolución ou acordo de aprobación do proxecto presentado e a acta de trazado previo debidamente cumprimentada, sendo imprescindible que se remita a documentación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Moraña, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



5.37611.- APROBACIÓN DA ACTUALIZACIÓN DA RELACIÓN DE ENTIDADES BENEFICIARIAS E EN LISTA DE AGARDA DO PROGRAMA “PROVINCIA ACTIVA” PARA O ANO 2026. (Expte. 2025076021)

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 26 de decembro de 2025, aprobou a Convocatoria e as Bases reguladoras do programa “Provincia activa” 2026 que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 28 de 11 de febreiro de 2026. O prazo de solicitudes de participación no programa abarcou do 12 de febreiro de 2026 ao 11 de marzo de 2026.

Segundo.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 15 de maio de 2026, número 22.37109, acordou aprobar a relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas xunto coas causas de exclusión, a relación de 160 entidades con obradoiro adxudicado e a relación de 93 entidades en lista de agarda.

O anuncio do acordo foi publicado no BOPPO número 97 do 25 de maio de 2026 así como na páxina web.

Os Anexos de obradoiros adxudicados e de entidades en lista de agarda figuran asinados no expediente cos seguintes CSV: 9KGZYAQM4VTIULIO e 9G75BG6YPJUFY763, respectivamente.

Terceiro.- Con data 5 de agosto de 2026, nº de rexistro WEB2026063176 a entidade ASOC. DE VECIÑOS SAN CRIBAN DE RIBART, con NIF G36552560 (Expte. 2026008202), adxudicataria do programa (nº94), presenta a través de instancia xenérica a renuncia ao obradoiro adxudicado por motivos organizativos.

Cuarto. - Con data 6 de agosto de 2026, nº de rexistro WEB2026063354 a entidade ASOC. DE VECIÑOS DE GANDON, con NIF G36263721 (Expte. 2026008877), adxudicataria do programa (nº 113), presenta a través de instancia xenérica a renuncia ao obradoiro adxudicado con motivo de non chegar ao número mínimo de persoas para realizar o obradoiro.

Quinto.- En consecuencia, presentada a renuncia da asociacións citadas nº94 e nº113, permitiría a existencia de crédito suficiente para adxudicar un novo obradoiro ás primeiras entidades da lista de agarda (CSV: 9G75BG6YPJUFY763), que son as seguintes:

1. ASOCIACION DE VECIÑOS A CIVIDADE DE SANXURXO DE SACOS, con NIF: G36522613 con número de expediente 2026015025 , coa temática “PLANTAS MEDICINAIS”.
2. ASOCIACION CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA, con NIF: G36624963 con número de expediente 2026015091 , coa temática “BAILES DE SALÓN”.



Sexto.- Con data 31 de xullo de 2026, nº de rexistro WEB2026062053 a entidade ASOC. TORROÑA DE BURGUEIRA, con NIF G16720286 (Expte. 2026007279), adxudicataria do programa (nº29) co obradoiro "RISOTERAPIA", presenta a través de instancia xenérica solicitude de cambio de obradoiro a "COCIÑA SAUDABLE E NUTRITIVA PARA MAIORES DE 50 ANOS" por mor da insuficiente demanda de persoas interesadas no obradoiro anteriormente solicitado.

Sétimo.- Con data 4 de agosto de 2026, nº de rexistro WEB2026062745 a entidade ASOC. VECINOS DE PINTENS, con NIF G36260511 (Expte. 2026009238), adxudicataria do programa (nº125) co obradoiro "PILATES", presenta a través de instancia xenérica solicitude de cambio de obradoiro a "RISOTERAPIA" por mor de non idoneidade do local para a actividade anteriormente solicitada.

Oitavo.- Con data 26 de agosto de 2026, Intervención emite informe favorable de fiscalización, con CSV: H33HTTIFMWG1MRRK.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar as renuncias ao obradoiro concedido presentadas polas seguintes entidades:

- ASOC. DE VECIÑOS SAN CRIBAN DE RIBART, con NIF: G36552560 (Expte. 2026008202).
- ASOC. DE VECIÑOS DE GANDON, con NIF G36263721 (Expte. 2026008877).

Segundo.- Adxudicar un obradoiro de conformidade coa orde de prelación da lista de agarda ás seguintes entidades:

- ASOCIACION DE VECIÑOS A CIVIDADE DE SANXURXO DE SACOS, con NIF:G36522613 (Expte.2026015025).
- ASOCIACION CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA, con NIF: G36624963 (Expte.2026015091)

Terceiro.- Aceptar a solicitude de cambio de obradoiro presentada polas seguintes entidades:

- ASOC. TORROÑA DE BURGUEIRA, con NIF G16720286 (Expte. 2026007279).
- ASOC. VECINOS DE PINTENS, con NIF G36260511 (Expte. 2026009238).

Cuarto.- Aprobar a actualización do listado de entidades con obradoiro adxudicado (CSV: WHJ681D8TBNSHNKU).

Quinto.- Aprobar a actualización da lista agarda (CSV: WV6995LYS0LQ8X4O)

Sexto.- Notificar o presente acordo ás entidades interesadas.



6.37612.- ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA DRENAXE E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 8004 CALDAS DE REIS-VILANOVIÑA, TREITO ANTIGO DA AZUCREIRA. CONCELLO DE PORTAS" (Expte.2025071496)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 19 de xuño de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas de Reis-Vilanova, treito antigo da Azucreira. Concello de Portas".

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25 de xuño de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 17/07/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas de Reis-Vilanova, treito antigo da Azucreira. Concello de Portas".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que o Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais D. César Aja Chao e enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas D. Jaime Ruibal de Sola, con data 3 de agosto de 2026 emitiron informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	18,00	3,00	21,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	21,00	2,00	23,00
NAROM, S.L.	16,00	2,00	18,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais D. César Aja Chao e do enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas D. Jaime Ruibal de Sola, de data 3 de agosto de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas de Reis-Vilanova, treito antigo da Azucreira. Concello de Portas)".

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B			
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	432.075,73 €	3,00%	36 MESES	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	443.715,95 €	3,00%	36 MESES	SI
NAROM, S.L.	446.581,23 €	3,00%	36 MESES	SI



Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 13/08/2026 procedeu a efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001	
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	12,08	5,00	5,00	5,00	27,08
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	3,48	5,00	5,00	5,00	18,48
NAROM, S.L.	0,98	5,00	5,00	5,00	15,98

Resultando.- Que posteriormente a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas de Reis-Vilanoviña, treito antigo da Azucreira. Concello de Portas" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	21,00	27,08	48,08
2	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	23,00	18,48	41,48
3	NAROM, S.L.	18,00	15,98	33,98

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, para que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas de Reis-Vilanoviña, treito antigo da Azucreira. Concello de Portas", á empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A., (A36008886) que acadou a máxima puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polo prezo ofertado de 522.811,63 € IVE engadido.



Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou que a CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A., (A36008886), figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 182) acreditando a tenor do reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A., (A36008886), para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación o 25/08/2026 (Rexistro WEB2026066842), constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 22.385,02 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 26/08/2026 con número de operación I2026000178016.

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A., o Lote 2 do "Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)".

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio do expediente, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (A82876905), para a adxudicación do contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas de Reis-Vilanoviña, treito antigo da Azucreira. Concello de Portas", por un importe estimado de 3.297,36 € IVE engadido.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) NME96MLOCSNB4FIY que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025, dentro do proxecto de gasto código nº 2025071496, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº I2026000010899.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei



reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A., (A36008886) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas de Reis-Vilanoviña, treito antigo da Azucreira. Concello de Portas”, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	432.075,73 €
IVE (21%)	90.735,90 €
Importe Total.....	522.811,63 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025071496.



2. Nomear directora da obra, a Dona Belén Pampín Camino, enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
3. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (CIF A82876905), o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas de Reis-Vilanova, treito antigo da Azucreira. Concello de Portas", por un importe de 3.297,36 € IVE engadido e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	2.725,09 €
IVE (21%)	572,27 €
Importe Total.....	3.297,36 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2025078379.

7.37613.- RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expte.2026029621)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 29 de maio de 2026, aprobou o expediente para establecer un Sistema Dinámico de Adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra.



O anuncio de licitación enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea o día 5 de xuño de 2026, sendo publicado o 8 de xuño de 2026 (anuncio 388948-2026; DO S 108/2026). Así mesmo, publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) o día 7 de xuño de 2026, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas particulares, concedéndose un prazo inicial de 30 días naturais para a presentación das solicitudes de adhesión.

De conformidade co establecido nos pregos e nos artigos 223 a 226 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o Sistema Dinámico de Adquisición permanecerá aberto durante todo o seu período de vixencia a calquera empresa interesada que cumpra os criterios de selección establecidos. Serán admitidos todos os solicitantes que acrediten o seu cumprimento, sen que poida limitarse o número de candidatos admisibles.

As empresas admitidas actualmente no Sistema Dinámico de Adquisición son as seguintes:

Categoría 1: Vestiario laboral e equipos de protección individual (EPIs)

1. A.J.J. Stores, S.A (CIF: A24428161)
2. Andarines Guay, S.L. (CIF: B90357435)
3. CR Confecciones Ramos, S.L. (CIF: B50349323)
4. Grupo Disnainga, S.L. (CIF: B70101035)
5. Peycar Pontevedra, S.L. (CIF: B36112043)

Categoría 2: Uniformidade corporativa do persoal

1. A.J.J. Stores, S.A. (CIF: A24428161)
2. Andarines Guay, S.L. (CIF: B90357435)
3. CR Confecciones Ramos, S.L. (CIF: B50349323)

Durante o mes de xullo de 2026 presentaron solicitudes de adhesión as seguintes entidades:

- Ediciones y Producciones Empresariales, S.A.U., para as categorías 1 e 2.
- Mirabbo Global, S.L., para a categoría 2.
- Grupo Disnainga, S.L., solicitando a ampliación da súa adhesión á categoría 2.

Na sesión celebrada o 6 de agosto de 2026, a Mesa de Contratación apreciou defectos emendables na documentación presentada por Ediciones y Producciones Empresariales, S.A.U. e Mirabbo Global, S.L., acordando requirirlles a correspondentes emenda e concedéndolles un prazo de tres días naturais.



Unha vez transcorrido o devandito prazo e examinada a documentación presentada, a Mesa de Contratación, na sesión do 27 de agosto de 2026, acordou o seguinte:

- Ediciones y Producciones Empresariales, S.A.U. non presentou documentación en resposta ao requirimento de emenda, polo que non acredita o cumprimento dos requisitos de solvencia esixidos para a súa admisión nas categorías 1 e 2.
- Mirabbo Global, S.L., non xustifica o cumprimento dos criterios de selección establecidos nos pregos, ao presentar unha solvencia económica inferior ao mínimo esixido para a categoría 2.
- Grupo Disnainga, S.L. acredita o cumprimento de todos os criterios de selección establecidos nos pregos, polo que procede a súa admisión na categoría 2.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de se foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Non admitir a Ediciones y Producciones Empresariales, S.A.U. (CIF A36751287) no Sistema Dinámico de Adquisición de vestuario para o persoal da Deputación de Pontevedra, nas categorías 1 e 2, por non acreditar o cumprimento dos criterios de selección establecidos nos pregos.
2. Non admitir a Mirabbo Global, S.L. (CIF B88753967) na categoría 2 do Sistema Dinámico de Adquisición de vestuario para o persoal da Deputación de Pontevedra, por non acreditar o cumprimento dos criterios de selección establecidos nos pregos.
3. Admitir a Grupo Disnainga, S.L. (CIF B70101035) na categoría 2 do Sistema Dinámico de Adquisición de vestuario para o persoal da Deputación de Pontevedra, ao ter acreditado o cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos.

A empresa admitida deberá formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.



A data de comezo indicárase no documento de formalización. Establécese a posibilidade de tres prórrogas cunha duración máxima dunha anualidade cada unha delas.

4. Actualizar a relación de empresas admitidas no Sistema Dinámico de Adquisición, que queda integrada do seguinte xeito:

Categoría 1: Vestiario laboral e equipos de protección individual (EPIs)

1. A.J.J. Stores, S.A (CIF: A24428161)
2. Andarines Guay, S.L. (CIF: B90357435)
3. CR Confecciones Ramos, S.L. (CIF: B50349323)
4. Grupo Disnainga, S.L. (CIF: B70101035)
5. Peycar Pontevedra, S.L. (CIF: B36112043)

Categoría 2: Uniformidade corporativa do persoal

1. A.J.J. Stores, S.A (CIF: A24428161)
2. Andarines Guay, S.L. (CIF: B90357435)
3. CR Confecciones Ramos, S.L. (CIF: B50349323)
4. Grupo Disnainga, S.L. (CIF: B70101035)

8.37614.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN 1 DO LOTE Nº1 DO CONTRATO DO PROGRAMA DEPORTIVO "ENTRE PONTES TRAIL & RUNNING" (Expte. 2026001111)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 12 de xuño de 2026, acordou a adxudicación dos lotes nº 1 e 2 do contrato do "programa deportivo "ENTRE PONTES TRAIL & RUNNING"", ás empresas MARMAR OUTDOOR, S.L. (NIF: B70548631) e JOSE FAJARDO, S.L. (NIF: B15320187), respectivamente.

Resultando.- Que o lote nº 1 do contrato, correspondente ao servizo deportivo, adxudicouse por importe de 145.707,15 €, máis a cantidade de 30.598,50 € en concepto de IVE, ascendendo o total a 176.305,65 €, resultando este formalizado en documento administrativo de data 07 de xullo de 2026, cun prazo de duración do contrato de (1) ano, a contar desde a data de formalización, sen posibilidade de prórrogas.

Resultando.- Que durante a fase de planificación da xornada correspondente á "Comarca do Salnés Running 10K. Comarca do Salnés: A Illa de Arousa – Vilanova de Arousa", prevista para o 20 de setembro de 2026, a empresa adxudicataria contactou, con data 4 de agosto de 2026, mediante comunicación telemática co Subsector de Tráfico da Garda Civil de Pontevedra, co obxecto de solicitar a súa valoración sobre a viabilidade operativa e seguridade do itinerario inicialmente previsto.



En resposta á devandita consulta, o comandante xefe do referido Subsector sinalou, nesa mesma data, que o percorrido inicialmente proposto, de carácter circular, *“provocaría o corte da Ponte de A Illa de Arousa entre 60 e 90 minutos aproximadamente”*, circunstancia pola que manifestou que, de manterse o itinerario nos termos inicialmente previstos, emitiríase informe de viabilidade desfavorable, ao considerar que a súa realización *“deixaría incomunicada a localidade de A Illa de Arousa durante un período de tempo demasiado prolongado; provocaría retencións de tráfico na PO-307 e demais vías adxacentes e podería afectar a servizos de urxencia, sanitarios ou de extinción de incendios”*, fundamentado en base aos *“apartados 6.3.2, 6.3.3 y seguintes del Escrito Directriz SGGMT 06/20 y demais regulamentación que se desenvolve sobre a tramitación de Eventos Deportivos en Vía Pública”*.

Polo tanto, recomendouse modificar o percorrido, co obxecto de evitar o corte da ponte que dá acceso á localidade e, para o caso de que este resultase imprescindible, indicando que a súa duración máxima non debería exceder dos 10 minutos.

Resultando.- Que en base ao exposto, o servizo de Deportes, con data 13 de agosto de 2026 (CSV: 1XJMN43X2PBIR7MS), expuxo unha nova proposta de percorrido, de carácter lineal, fronte ao circular inicialmente previsto, polo que se xustificaría o alcance da modificación, reducíndose a adaptacións do itinerario mínimas e necesarias para a correcta execución da proba, cumprindo cos condicionantes esixidos polas autoridades competentes, ditándose en consecuencia, informe da xefa do servizo de Deportes, con data 21 de agosto de 2026 (CSV: 5VG3RNXI6PR9YIT8), proponendo a modificación do contrato, sinalando o seguinte:

“(…)

Á vista das conclusións da citada consulta e da resposta do Subsector de Tráfico, resulta necesario modificar o percorrido inicialmente previsto, substituíndo o trazado circular por un percorrido lineal entre A Illa de Arousa e Vilanova de Arousa. Esta modificación permite eliminar o dobre paso das persoas participantes pola ponte e reducir de maneira substancial a afección á circulación, pasando dunha previsión de corte de entre 60 e 90 minutos asociada ao percorrido circular a unha afección estimada duns 20 minutos co novo percorrido lineal, limitada fundamentalmente ao paso das persoas participantes desde A Illa de Arousa cara a Vilanova de Arousa. Deste xeito, minimízase a afección ao tráfico e á mobilidade, redúcese o impacto sobre o acceso á Illa de Arousa e sobre os servizos de emerxencia e seguridade, e posibilitase o correcto desenvolvemento da proba nas condicións requiridas polos organismos competentes.



*A modificación proposta responde exclusivamente a razóns de interese público, seguridade viaria e adecuada organización do evento deportivo, derivadas das condicións establecidas polos servizos competentes en materia de tráfico, sen que obedeza a necesidades da empresa adxudicataria.
(...)”*

Resultando.- Que consta no expediente escrito da empresa MARMAR OUTDOOR, S.L. (CIF: B70548631), polo que manifesta expresamente a súa conformidade coa modificación sinalada (CSV: 3SWR16TQHKLR6PN).

Resultando.- Que consta no expediente o informe do xefe de servizo de Contratación con data 26 de agosto de 2026 (CSV: R2FI61QHTBOPQY22), conformado pola Secretaría Xeral e Intervención desta institución provincial, no que se conclúe o seguinte:

“Á vista dos antecedentes obrantes no expediente - en particular, do informe do servizo de Deportes- e dos fundamentos xurídicos expostos, pódese concluír que a modificación do alcance do lote nº 1 do contrato do “programa deportivo “ENTRE PONTES TRAIL & RUNNING”, en relación á xornada “Comarca do Salnés Running 10K. Comarca do Salnés: A Illa de Arousa – Vilanova de Arousa”, prevista para o día 20 de setembro de 2026, consistente na substitución do itinerario circular inicialmente previsto por un percorrido lineal, encádrase no suposto previsto no artigo 205.2. c) da LCSP, relativo ás modificacións non substanciais.

A presente modificación resulta necesaria para adaptar a referida xornada aos condicionantes establecidos pola autoridade competente en materia de tráfico e seguridade viaria e limítase ás variacións indispensables para garantir a correcta execución da proba, manténdose dentro dos límites previstos na cláusula III.II do prego técnico.

Da análise efectuada despréndese que non se introducen condicións que puidesen afectar á licitación orixinal; non se altera o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista; non se produce unha ampliación importante do seu ámbito; nin tampouco existe outro contrato, actual ou futuro, que comprenda as prestacións obxecto da modificación.

En consecuencia, non se ve inconveniente á aprobación da modificación do lote nº 1 do devandito contrato, condicionada á emisión dos informes preceptivos de Secretaría e Intervención (DA 2ª LCSP e RD 128/2018). A modificación producirá efectos dende o acordo do órgano de contratación e terá carácter obrigatorio para o contratista (art. 206 LCSP)”.



Considerando.- A sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 29 de abril de 2004, Comisión/CAS Succhi di Frutta, no asunto C-496/99 P, Rec. p.I-3801, apartados 109 e 110, que sinala o seguinte: *"(...)O principio de igualdade de trato entre os licitadores, que pretende favorecer o desenvolvemento dunha competencia sa e efectiva entre as empresas que participan nunha contratación pública, impón que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ao formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estas estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores (...)"*.

Considerando.- O estudo *"Modificación dos contratos públicos: límites e dereito aplicable"*, do profesor Gimeno Feliu, que afirma que a excepcionalidade da prerrogativa foi confirmada sen quebra pola xurisprudencia do TS, que configura a modificación contractual como unha facultade reservada para supostos legais taxados, e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restritivo, xa que, de non ser así, infrinxiríase un dos principios básicos do noso ordenamento xurídico, recollido no artigo 1256 do Código Civil, relativo a que o cumprimento dos contratos non pode quedar ao arbitrio dunha das partes.

Considerando.- Que a Administración ten o *"ius variandi"*, que lle permite modificar o contrato unilateralmente cando concorran circunstancias de interese público, por excepción ao principio de inalterabilidade dos contratos sen o consentimento de ambas as partes. Trátase dunha potestade regrada que só pode exercerse nos casos e na forma prevista na LCSP, cando a modificación veña determinada por unha razón de interese público debida a causas novas e imprevistas.

Considerando.- Que as modificacións acórdanse polo órgano de contratación e son obrigatorias para o contratista. Non poden ser utilizadas para alterar o obxecto do contrato despois da licitación, de modo que lesionen os principios de igualdade, non discriminación e libre concorrência. Só pode modificarse o contrato cando así se previra nos pregos, ou ben, nos casos e cos límites establecidos na LCSP (sen prexuízo dos supostos de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, que se rexen polas súas normas propias).

Considerando.- Que, en particular, non pode acudir-se á modificación para engadir prestacións complementarias ás contratadas, ampliar o obxecto do contrato para finalidades novas non contempladas nos pregos, e incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

Considerando.- Que o prego de condicións administrativas que rexe o contrato non contemplou circunstancias previas que permitan realizar modificacións do contrato, polo que haberá que acudir ás modificacións non previstas, reguladas nos artigos 205 e seguintes da LCSP.



Considerando.- O apartado c) do artigo 205.2 da LCSP que, entre os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, establece o seguinte: *“cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas indicando as razóns polas que esas prestacións no se incluían no contrato inicial”*.

Para determinar se a modificación ten carácter substancial, o artigo 205.2.c) da LCSP establece: *“Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, terá dita consideración cando cumpra un ou varios dos seguintes condicionantes:*

1º Que a modificación introduza condicións que, de ter figurado no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.

2º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

3º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato. En todo caso, considerarase que dáse o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i). O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE excluído, se se trata dun contrato de obra ou dun 10 por cento, IVE excluído, cando se refiran aos demais contratos, ou ben superen o umbral que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.”

(ii). As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación atópanse dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciase a tramitación do expediente de contratación.”

Considerando.- Que a modificación deberá tramitarse nos termos previstos no artigo 203 e seguintes da LCSP, formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP, e publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da LCSP.

Considerando.- Que, por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo



que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a modificación do lote nº 1 do contrato do *"programa deportivo "ENTRE PONTES TRAIL & RUNNING"*, subscrito coa MARMAR OUTDOOR, S.L. (NIF: B70548631), consistente na substitución do itinerario circular inicialmente previsto para a xornada *"Comarca do Salnés Running 10K. Comarca do Salnés: A Illa de Arousa – Vilanova de Arousa"*, calendarizada para o día 20 de setembro de 2026, por un percorrido lineal, co obxecto de adaptarse aos condicionantes establecidos polo Subsector de Tráfico da Garda Civil de Pontevedra.

Deste xeito, a modificación supón a adaptación do itinerario, mediante a alteración dos tramos estritamente indispensables que permitan garantir a seguridade viaria, minimizar as afeccións ao tráfico e asegurar a correcta execución do programa deportivo, non traendo aparelados custos adicionais.

A modificación producirá efectos desde o acordo do órgano de contratación e terá carácter obrigatorio para o contratista (artigo 206 da LCSP).

9.37615.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES Y OBRAS VAZAL, S.L. (B-32221384), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A "REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ESCOLA UNITARIA DA ENTIDADE LOCAL DE VILASOBROSO, RECOLLIDA NAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 "ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTENIBLE I", QUE CONTA CON COFINANCIAMENTO DO 80% DO FEDER A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO IDAE" (Expte.2022002143) (Devogaran 2026052851)

Por acordo, número 13.31745, adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria, de data 20 de maio de 2022 (CSV.- QXD01K1O5HECIW4C), acordouse, entre outros asuntos, o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra de *"Rehabilitación enerxética da Escola Unitaria da Entidade Local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do Proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020 004126 "Envolverte Térmica Sostenible I", que conta con co-financiamento do 80% do FEDER, a través da convocatoria de axudas do IDAE"*. (Expte. 2022002143).

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *CONSTRUCCIONES Y OBRAS VAZAL, S.L. (B-32221384)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CONST. Y OBRAS VAZAL, S.L. (B-32.221.384)	14.957,00€	2022000092926	11/05/2022



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo D. Miguel Ángel Míguez Vázquez "Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U. (CIF B-15856339)" (CSV.- 0CO25SIAR66TLRZJ), no cal sinala que "(...) 2.1. Informe de Liquidación de Garantía y Liquidación de Contrato.

Transcurrido el plazo de garantía de las obras y a la vista de la obra ejecutada en fecha actual, que se encuentra en funcionamiento y sin que presente defectos visibles, desde el punto de vista técnico, se emite este informe favorable a la devolución de la garantía al adjudicatario de la obra y a la liquidación del contrato.(...)"

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 9HQCXYU7QT6LPFIS), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil CONSTRUCCIONES Y OBRAS VAZAL, S.L. (B-32.221.384), dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcurrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo ao contrato de obra de "Rehabilitación enerxética da Escola Unitaria da Entidade Local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do Proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020 004126 "Envolvente Térmica Sostenible I", que conta con co-financiamento do 80% do FEDER, a través da convocatoria de axudas do IDAE" (Expte.2022002143), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil CONSTRUCCIONES Y OBRAS VAZAL, S.L. (B-32221384), por resultar adxudicataria de dito contrato derivado, que foi a seguinte:

- o A constituída mediante aval emitido pola entidade ASEFA, S.A. SEGUROS Y REASEGUROS (NIF.- A-08171605) "Certificado de seguro de caución número 27060/01/41/2022/1563", por importe de catorce mil novecentos cincuenta e sete euros (14.957,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 11/05/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030605. (Carta de Pago número 202200092926)



10.37616.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36008886), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A "CONTRATO DERIVADO LOTE 4. ZONA D2 DO ACORDO MARCO OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022" (Expte. 2022017780) (Devogaran 2026030201)

Por acordo número 3.7582 adoptado polo Pleno da Corporación Provincial, celebrado na súa sesión ordinaria, de data 26 de marzo de 2021 (CSV.- I7XBNPNS4NVBWIEW), acordouse, entre outros asuntos, a "Adxudicación do procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo Marco que regule as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación para o ano 2021". (Expte. 2020022322).

Dentro deste procedemento aberto a través do acordo número 20.31690, adoptado pola Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria, de data 6 de maio de 2022 (CSV.- FSHWTXYFCAAWEMUR), aprobouse a adxudicación dun Contrato Derivado (Lote 4 - Zona D2) do Acordo Marco que regule as "Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra". (Expte. 2022017780).

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36008886)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CONST. OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36.008.886)	36.305,70€	2022000093709	11/05/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- M07GKV8QHJGBXCFS), no cal sinala que "*(...) Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que procede a liquidación da obra sen variación económica.*

En base ao anteriormente exposto e considerando que se cumpriu o período de garantía ofertado de 36 meses dende a recepción das obras en data 23/03/2023, procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de trinta e seis mil trescentos cinco euros con setenta céntimos (36.305,70 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202200093709 de data 11/05/2022. (...).



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV: NP5NP96P8AB2DTHN), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36.008.886), dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do Contrato Derivado (Lote 4 - Zona D2) do Acordo Marco que regule as "Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra" (Expte.2022017780), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36008886), por resultar adxudicataria de dito contrato derivado, que foi a seguinte:

- o A constituída mediante aval emitido pola entidade GENERALI ESPAÑA, S.A., con N.I.F. A-28007268 "*Certificado de seguro de caución número 2N-G-716.000.338*", por importe de trinta e seis mil trescentos cinco euros con setenta céntimos (36.305,70 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 11/05/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030608. (Carta de Pago número 202200093709)

11.37617.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-8501 VALGA - OS MARTORES DO 0+000 AO 0+110 E NA EP-8502 VALGA - BAÑO DO P.Q. 0+000 AO 0+950 (CONCELLO DE VALGA)". (Expte. 2026039519)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.



Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular das estradas provinciais E.P. 8501 Valga – Os Martores e E.P. 8502 Valga – Baño, que transcorren polo Concello de Valga e teñen unha lonxitude de 6.160 m e 768 m respectivamente. Na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+950 da E.P. 8502 Valga – Baño, e entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+110 da E.P. 8501 Valga – Os Martores, é necesario realizar unha reestruturación do espazo público para executar unha actuación que permita unha mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil, co fin de solucionar os problemas de inseguridade que se producen diariamente ó existir desprazamentos de persoas a pé por metade das estradas provinciais para acudir aos diferentes equipamentos públicos existentes no entorno, como poden ser o Centro de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe Baño Xanza, a Gardería Infantil Municipal de Valga ou o Centro Social do Concello, entre outros. A maiores, se necesita solucionar os problemas de inseguridade viaria existentes nos cruces e interseccións que dan acceso tanto ao Centro de Educación Infantil e Primaria como á gardería municipal, buscando en todo momento reestruturar un espazo que permita reorganizar estas interseccións de forma segura tanto para os peóns como para os vehículos motorizados.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse D. Sergio Daniel Orosa López, enxeñeiro adscrito á empresa Proyestegal, o proxecto para a execución da obra “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga – Os



Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)", cun orzamento base de licitación do proxecto de 886.682,36 € IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: KOM7CVM24ZRQ6QSG.

Resultando.- Que con data 19/12/2025 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Valga un convenio de colaboración para levar a cabo a execución do proxecto "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)".

Resultando.- Que recolle dito convenio que as obras estarán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Valga mediante a achega das cantidades relacionadas a continuación:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	709.345,89 €	80
Concello de Valga	177.336,47 €	20
TOTAL OBRAS	886.682,36 €	100

Resultando.- Que recolle o citado convenio que lle corresponde á Deputación de Pontevedra a redacción do proxecto, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)".

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os RC 12026000113756 e 12026000115457 por importes de 709.345,89 € e 177.336,47 € respectivamente, con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.02.2025 e 26/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: H6RBD5XZWW6DFIE0 informe do Secretario Xeral da Deputación, no que se recolle o seguinte: *"Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente. Non obstante, a utilización de criterios de adxudicación que poden provocar unha situación de umbral de saciedade debe xustificarse no procedemento desde o punto de vista técnico."*

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: G4BMP7KCJTJ44PMZ, informe de fiscalización do expediente, no que se recolle o seguinte: *"Bótase en falta a existencia unha planificación xeral das prioridades de actuación para a mellora da rede viaria provincial, a efectos de xustificar máis axeitadamente e en función de criterios obxectivos e programáticos a elección e orde de execución das actuacións a levar a cabo."*

Na cláusula 9.1 do apartado I. "Cláusulas particulares" do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente."

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: "A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante".

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que "Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante".



Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato”.

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”.

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)”, cun orzamento base de licitación de 886.682,36 €, IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe	732.795,34 €
IVE (21%)	153.887,02 €
Importe Total.....	886.682,36 €
2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): R2U4AYZUXPQOMJKU, e de prescricións técnicas con código (CSV) KOM7CVM24ZRQ6QSG, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 886.682,36 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.02.2025 e 26/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.



4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

12.37618.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 8201 MORAÑA-SANTA XUSTA-COUSO, DO P.Q. 1+100 AO 1+340. CONCELLO DE MORAÑA". (Expte. 2026030393)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo publico viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 8201 MORAÑA – SANTA XUSTA – COUSO que percorre os termos municipais de Moraña e Campo Lameiro pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 5.032 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario executar unha reforma e ampliación de plataforma, dende o P.Q. 1+100 ao P.Q. 1+340, a fin de salvagardar a debida prestación do Servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas D. Eduardo Artime Rial o proxecto para a execución da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña", cun orzamento base de licitación do proxecto de 263.072,60 € IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: U934D02BCSXENHQQ.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña".

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12026000113536 por importe de 263.072,60 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/07/2026 acordou aprobar o proxecto de execución da "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña", redactado por D. Eduardo Artime Rial, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, cun orzamento base de licitación do proxecto de 263.072,60 € IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: U934D02BCSXENHQQ.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: ALTGROVWAF6VTYRF informe do Secretario Xeral da Deputación, no que se recolle o seguinte: *"...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001. Non obstante, a utilización de criterios de adxudicación que poden provocar unha situación de umbral de saciedade debe xustificarse no procedemento desde o punto de vista técnico ao igual que esixir unha planta de fabricación de formigóns bituminosos tal e como consta no apartado 7 das particulares dos PCA.*

Antes da execución das obras debe de contarse coas autorizacións sectoriais necesarias en vigor."

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: BC3P7TZQUID7U6J5, informe de fiscalización do expediente, no que se recolle o seguinte: *"Bótase en falta a existencia unha planificación xeral das*



prioridades de actuación para a mellora da rede viaria provincial, a efectos de xustificar máis axeitadamente e en función de criterios obxectivos e programáticos a elección e orde de execución das actuacións a levar a cabo.

Na cláusula 9.1 do apartado I. "Cláusulas particulares" do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábles mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente."

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: "A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante".

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que "Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante".

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: "Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato".

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: "A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto..."



Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña*" cun orzamento base de licitación de 263.072,60 € IVE engadido de acordo co seguinte detalle:

Importe	217.415,37 €
IVE (21%)	45.657,23 €
Importe Total.....	263.072,60 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asigne un código (CSV): 8FL0B2T2CVJHMFV8, e de prescricións técnicas con código (CSV) U934D02BCSXENHQQ, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 263.072,60 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



13.37619.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Expte. 2026063687)

Vista a relación de operacións con número 2026063687 (CSV: D2D9V3T66W756KIS) que contén 3 operacións por un importe de 48.451,32 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	48.451,32 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	48.451,32 €

14.37620.- VALIDACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA DE ADECUACIÓN DE SALA DE CALDEIRAS NO PAZO PROVINCIAL. (Expte.2026062494)

O Pazo Provincial, sede principal da Deputación de Pontevedra, está situado na avenida de Montero Ríos, na parcela con referencia catastral 907880ING2997N0001UJ. O edificio, que consta de planta soto, baixa con entreplanta, primeira e baixocuberta, alberga ademais das dependencias de carácter representativo e institucional, diversos servizos de carácter transversal. Ademais, conta cunha zona axardinada nos lindes nordeste e suroeste, cara o Instituto Valle Inclán e o Edificio Administrativo.

Logo dos estudos realizados en materia de seguridade contra incendios do Pazo Provincial, detéctase a necesidade de melloras as condicións nesta materia na sala de caldeiras, situada na planta soto deste edificio. Faise necesario adoptar medidas de protección e sectorización do recinto co resto do edificio e cos pasos de instalacións.

Para definir e acometer estes traballos, contrátase unha asistencia técnica que achega a Memoria valorada das obras de adecuación da sala de caldeiras do Pazo Provincial, redactada polo enxeñeiro industrial Pedro Fernández Rodríguez en decembro de 2023.

Con data 29/10/2025, mediante Resolución Presidencial nº 2025008702, adxudicouse o contrato de obras de adecuación de sala de caldeiras no Pazo Provincial á empresa Deseño, Enxeñaría e Xestión de obras S.L. (B94129368). O prazo estipulado para os traballos era de dous meses.



Con data 15/11/2025 asinouse o contrato entre a Deputación de Pontevedra e a empresa Deseño, Enxeñaría e Xestión de obras S.L.

Con data 20/11/2025 asinouse a acta de comprobación de replanteo.

Coa mesma data asinouse acta de paralización con motivo da imposibilidade do mantemento da calefacción durante o período invernal e a realización simultánea das obras sinaladas.

Con data 23/06/2026 asinouse acta de reinicio das obras.

Con data 06/08/2026, a dirección facultativa e o representante da empresa Deseño, Enxeñaría e Xestión de obras S.L., asinan a certificación nº 1, relativa ás obras executadas durante o período comprendido entre 23/06/2026 e o 30/06/2026, que ascende á cantidade de 669,46 €.

Dada a inexistencia de Resolución Presidencial estipulando a suspensión do contrato durante o período anteriormente indicado, prodúcese un incumprimento do prazo.

De acordo co sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio 2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.-Aprobar a validación da obriga de gasto relativa á certificación nº1 da obra adecuación de sala de caldeiras no Pazo Provincial, polo importe bruto de 669,46 €, de conformidade co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
Deseño, Enxeñaría e Xestión de obras S.L. (B94129368)	25/457.4500.632.03.2023	
	SUBTOTAL	669,46 €
Taxa Técnicos Directores (4% PEM Adx)	Id.	18,60 €
Control de calidade (3% PEM Lic)	Id.	14,09 €
Total descontos	Id.	32,69 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR.....		636,77 €



Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes practicándose a retención ou desconto sobre o importe bruto da certificación, segundo detalle referido no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.

15.37621- VALIDACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 2 DA OBRA DE ADECUACIÓN DE SALA DE CALDEIRAS NO PAZO PROVINCIAL. (Expte.2026062508)

O Pazo Provincial, sede principal da Deputación de Pontevedra, está situado na avenida de Montero Ríos, na parcela con referencia catastral 9078801NG2997N0001UJ. O edificio, que consta de planta soto, baixa con entreplanta, primeira e baixocuberta, alberga ademais das dependencias de carácter representativo e institucional, diversos servizos de carácter transversal. Ademais, conta cunha zona axardinada nos lindes nordeste e suroeste, cara o Instituto Valle Inclán e o Edificio Administrativo.

Logo dos estudos realizados en materia de seguridade contra incendios do Pazo Provincial, detéctase a necesidade de melloras as condicións nesta materia na sala de caldeiras, situada na planta soto deste edificio. Faise necesario adoptar medidas de protección e sectorización do recinto co resto do edificio e cos pasos de instalacións.

Para definir e acometer estes traballos, contrátase unha asistencia técnica que achega a Memoria valorada das obras de adecuación da sala de caldeiras do Pazo Provincial, redactada polo enxeñeiro industrial Pedro Fernández Rodríguez en decembro de 2023.

Con data 29/10/2025, mediante Resolución Presidencial nº 2025008702, adxudicouse o contrato de obras de adecuación de sala de caldeiras no Pazo Provincial á empresa Deseño, Enxeñaría e Xestión de obras S.L. (B94129368). O prazo estipulado para os traballos era de dous meses.

Con data 15/11/2025 asinouse o contrato entre a Deputación de Pontevedra e a empresa Deseño, Enxeñaría e Xestión de obras S.L.

Con data 20/11/2025 asinouse a acta de comprobación de replanteo.

Coa mesma data asinouse acta de paralización con motivo da imposibilidade do mantemento da calefacción durante o período invernal e a realización simultánea das obras sinaladas.



Con data 23/06/2026 asinouse acta de reinicio das obras.

Con data 06/08/2026, a dirección facultativa e o representante da empresa Deseño, Enxeñaría e Xestión de obras S.L., asinan a certificación nº 2, relativa ás obras executadas durante o período comprendido entre 01/07/2026 e o 31/07/2026, que ascende á cantidade de 1.606,60 €.

Dada a inexistencia de Resolución Presidencial estipulando a suspensión do contrato durante o período anteriormente indicado, prodúcese un incumprimento do prazo.

De acordo co sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio 2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a validación da obriga de gasto relativa á certificación nº1 da obra adecuación de sala de caldeiras no Pazo Provincial, polo importe bruto de 1.606,60 €, de conformidade co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
Deseño, Enxeñaría e Xestión de obras S.L. (B94129368)	25/457.4500.632.03.2023	
	SUBTOTAL	1.606,60 €
Taxa Técnicos Directores (4% PEM Adx)	Id.	44,63 €
Control de calidade (3% PEM Lic)	Id.	33,82 €
Total descontos	Id.	78,45 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR.....		1.528,15 €

Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes practicándose a retención ou desconto sobre o importe bruto da certificación, segundo detalle referido no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.



16.37622.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DO PROGRAMA DE AXUDAS A AGRUPACIÓNS DE PERSOAL VOLUNTARIO DE PROTECCIÓN CIVIL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026. (Expte. 2026019867)

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 08 de maio de 2026, aprobou as *"Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026"*, publicadas no BOPPO número. 89, do 13 de maio de 2026, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

SEGUNDO.- Nos termos referidos na base quinta, o financiamento do programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026 ascende a cen mil euros (100.000,00 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.1350.789.10, "Achegas para investimentos a agrupacións de protección civil. Cooperación". Tamén se prevé a posibilidade de ampliar o crédito, dependendo do volume de solicitudes presentadas, co límite máximo de cincuenta mil euros (50.000,00 €).

TERCEIRO.- Trátase dun programa que está a xerar un gran nivel de interese, como demostran as vinte e nove solicitudes presentadas. Esta elevada participación supera as previsións iniciais, o que pon de manifesto a conveniencia de reforzar a súa dotación orzamentaria para garantir unha resposta eficaz e eficiente á demanda existente e favorecer o cumprimento dos obxectivos e finalidades establecidos.

CUARTO.- Por elo, unha vez analizada a necesidade deste investimento en correlación á dispoñibilidade orzamentaria, estase a tramitar o expediente de modificación de crédito número 06/2026, destinado a dotar con vinte e sete mil douscentos sesenta e sete euros con sesenta e dous céntimos (27.267,62 €) o programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026 con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputable contra a aplicación orzamentaria 2026/942.1350.789.10, para gastos correntes condicionado á súa aprobación no Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria de data 31 de xullo de 2026, publicación e entrada en vigor.

QUINTO.- En consecuencia, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas foi elevado en relación ao financiamento inicialmente previsto, e con fundamento na necesidade de garantir o mellor cumprimento dos obxectivos e finalidades do plan, propónse unha modificación parcial das bases e convocatoria do Programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección



civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026, para incrementar o seu financiamento ata cento vinte e sete mil douscentos sesenta e sete euros con sesenta e dous céntimos (127.267,62 €), crédito que se estima suficiente para cubrir a totalidade das solicitudes presentadas que cumpren todos as condicións de subvencionabilidade impostas nas bases reguladoras do programa.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1º.- As medidas adoptadas no marco do programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026, permitirán dar resposta de maneira máis eficaz ás necesidades prioritarias das agrupacións de voluntariado de protección civil, reforzando a súa capacidade operativa e contribuíndo ao recoñecemento do labor esencial que desempeñan. Esta medida pon de manifesto o compromiso da Deputación coa mellora e modernización dos equipamentos e infraestruturas destas agrupacións, impulsando o investimento en seguridade pública e benestar social. Así mesmo, contribúe a promover o compromiso cívico, a participación solidaria da veciñanza e o fortalecemento do tecido social da provincia.

2º.- Segundo o disposto no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e, en particular, asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal. Neste senso, á Deputación correspóndelle, na medida das súas posibilidades, remover os obstáculos que supoñen as limitacións orzamentarias poden o respecto e cumprimento dos principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais.

3º.- O artigo 9 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións establece que con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta lei. Adicionalmente, o outorgamento dunha subvención debe cumprir, entre outros, co requisito da existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.

4º.- O artigo 58.2 do Regulamento da Lei 38/2003 aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establece que excepcionalmente, a convocatoria poderá fixar, ademais da contía total máxima dentro dos créditos dispoñibles, unha contía adicional cuxa aplicación á concesión de subvencións non requirirá dunha nova convocatoria. Neste caso a convocatoria prevé que o importe desta ampliación dependerá do volume de solicitudes presentadas, co límite máximo de 50.000 €.



5º.- O crédito previsto inicialmente para financiar o programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026 prevese insuficiente para atender a totalidade das solicitudes recibidas que cumpren as condicións de subvencionabilidade impostas, considerándose necesario e conveniente acudir á suplementación de crédito para permitir que as especiais demandas de investimentos que propoñen as agrupacións de protección civil da provincia de Pontevedra ao abeiro deste programa se poidan realizar adecuadamente e de maneira cohesionada en todo o territorio provincial sen que se abra un novo período de presentación de solicitudes.

6º.- O artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o/a presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de suplemento de crédito.

7º.- A capacidade financeira da Deputación, tras o esforzo realizado nos últimos anos para conter o gasto e reducir a débeda, permite suplementar o crédito necesario para atender as necesidades expostas.

8º.- Mediante o expediente en tramitación de modificación de crédito número 06/2026, vaise a dotar con vinte e sete mil douscentos sesenta e sete euros con sesenta e dous céntimos (27.267,62€) o programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026 con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputable contra a aplicación orzamentaria 2026/942.1350.789.10, Achegas para investimentos a agrupacións de protección civil. Cooperación, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o pasado día 31 de xullo e condicionado á aprobación definitiva, publicación e entrada en vigor, con anterioridade á concesión das subvencións.

Por tanto, para activar a dispoñibilidade deste crédito, procede propoñer unha modificación parcial das bases reguladoras do Programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026 co fin de suplementar o crédito inicial ata un total de cento vinte e sete mil douscentos sesenta e sete euros con sesenta e dous céntimos (127.267,62€), imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.1350.789.10, Achegas para investimentos a agrupacións de protección civil. Cooperación, e condicionado á súa aprobación, publicación e entrada en vigor do dito suplemento de crédito. Crédito que se estima suficiente para atender integramente toda as solicitudes presentadas que cumpren os requisitos de subvencionabilidade establecidos nas bases reguladoras do programa.



8º.- A modificación proposta non constitúe unha dispensa nin unha exención non permitida polas leis, senón que vai encamiñada a ampliar o financiamento destinado ó Programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026, sen diminución nin prexuízo dos dereitos de terceiros e sen que se abra un novo período de presentación de solicitudes. Co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais e cubrir as necesidades das agrupacións de voluntarios de protección civil no marco da política económica e social, defendendo un investimento en seguridade pública e benestar social para o territorio provincial.

9º.- Dos antecedentes expostos, considérase acreditado o respecto aos principios establecidos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en canto ao exercicio da súa potestade regulamentaria conforme aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

A modificación supón unha medida eficaz e proporcional para afrontar con maior eficacia o cumprimento dos retos do Programa, é posible a súa integración de forma coherente no marco das bases inicialmente aprobadas, cumpre coa transparencia debida ao ter que publicarse a súa aprobación no boletín provincial e dota de eficiencia a un plan deseñado en circunstancias diferentes, en base ás razoables limitacións orzamentarias de cada momento.

Ademais, esta modificación non supón a vulneración dos principios da concorrência competitiva, non se alteran os prazos do programa debido a que non se abre un novo período de presentación de solicitudes e polo tanto non supón prexuízos a terceiros, estimándose que con esta medida se contribuirá a optimizar o logro dos obxectivos e finalidades do plan.

10º.- Para a modificación das bases, de conformidade co disposto en relación ao réxime xurídico deste plan na *base segunda* do Programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026, en virtude do disposto na *base terceira* será a Xunta de Goberno da Deputación o órgano competente para a súa aprobación, seguindo o mesmo criterio xurídico que para a súa aprobación inicial, debendo realizarse unha tramitación semellante en relación á necesidade de cumprimento de todos os requisitos de informes, procedemento administrativo e publicidade.

CONCLUSIÓN:

Polo exposto, propónse modificar as *"bases reguladoras e convocatoria de subvencións do Programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026"*, para suplementar o crédito destinado ao seu financiamento ata un total de cento vinte e sete mil douscentos sesenta e sete euros con sesenta e dous céntimos



(127.267,62 €), en base ao expediente de modificación de crédito número 06/2026 aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o pasado día 31 de xullo e condicionado á aprobación definitiva, publicación e entrada en vigor, con anterioridade á concesión das subvencións.

En consecuencia, propónse modificar a *base quinta* de maneira que onde di:

“A contía desta convocatoria de axudas ascende a cen mil euros (100.000,00 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.1350.789.10, “Achegas para investimentos a agrupacións de protección civil. Cooperación”.

Quedaría redactada co seguinte teor literal:

“A contía desta convocatoria de axudas ascende a cento vinte e sete mil douscentos sesenta e sete euros con sesenta e dous céntimos (127.267,62€), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.1350.789.10, “Achegas para investimentos a agrupacións de protección civil. Cooperación”.

O resto do texto das bases e convocatoria permanecerá igual.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.

O Xefe do servizo de Cooperación,

Marcos Areán González”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación de data 03/08/2026 e da Intervención Provincial de data 01/09/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobación da modificación da base quinta do programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026 – Expediente:

2026019867 da maneira que segue:

- “A contía desta convocatoria de axudas ascende a cento vinte e sete mil douscentos sesenta e sete euros con sesenta e dous céntimos (127.267,62 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.1350.789.10, “Achegas para investimentos a agrupacións de protección civil. Cooperación”.

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.



17.37623.- COMUNICACIÓN.

Dar conta de sentenzas, autos, decretos, providencias e resolucións doutras administracións, levadas polo servizo de Asesoría Xurídica desta Deputación:

SENTENZAS FAVORABLES**INFRAESTRUTURAS**

01. Sentenza da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 3 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 409/25, promovido pola mercantil OCCIDENT GCO, S.A.U., contra desestimación de reclamación patrimonial por danos no termo municipal de A Caniza. (Expte. 2026004362)

Dada conta que con data 13 de xullo de 2026, tivo entrada nesta Deputación sentenza da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 3 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 409/25, promovido pola mercantil OCCIDENT GCO, S.A.U., contra o acordo da Xunta de Goberno de data 20/02/2026 que desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola demandante por danos causados na vivenda asegurada pola actora, titularidade de D^a. Nieves Álvarez Álvarez, producidos o día 04/11/2023, a consecuencia das intensas choivas, cuantificados na cantidade de 484,08 €) na que se desestima a demanda sen imposición de custas, e cuxa defensa se lle encomendou ó letrado D. Víctor Prieto Cervera-Mercadillo.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

02. Sentenza do Tribunal de Instancia Sección de Instrución Plaza nº 4 de Vigo, ditada nas Dilixencias Urxentes/Xuízo Rápido nº 812/26, seguidas contra D. José María Acuña Rey, por un delito de danos. (Expte. 2026041763)

Dada conta que con data 22 de xullo 2026, tivo entrada nesta Deputación sentenza do Tribunal de Instancia Sección de Instrución Plaza nº 4 de Vigo (ditada nas Dilixencias Urxentes/Xuízo Rápido nº 812/26, seguidas contra D. José María Acuña Rey, por danos causados nunha varanda metálica no p.q. 2+700 da E.P.2603 de Puxeiros (E.P. 2604) a Peinador (N-556), con motivo do accidente ocorrido o día 14/04/2026, no termo municipal de Vigo) na que se condena ó acusado dun delito contra a seguridade viaria, previsto e penado no artigo 379.2 do Código Penal, á pena de catro meses de multa a razón de 4 euros ao día (total 480,00 €) mais a privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo dez meses, así como a indemnizar á Deputación de Pontevedra na cantidade de 528,00 € polos danos causados, con imposición de custas, e cuxa defensa se lle encomendou ó letrado D. Juan Carlos Abeigón Vidal.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



RECURSOS HUMANOS

03. Sentenza da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 1 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 323/25, promovido por D. Jesús Rodríguez Domínguez, sobre materia de persoal. (Expte. 2025075390)

Dada conta que con data 20 de maio de 2026, tivo entrada nesta Deputación sentenza da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 1 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº323/25, promovido por D. Jesús Rodríguez Domínguez, fronte á resolución presidencial de data 18/07/2025, desestimatoria do recurso de reposición presentado contra a resolución 30/05/2025 mediante a cal se adxudicou a D^a Xisela Aranda Núñez o posto de Directora de Deportes, e -indirectamente- contra a convocatoria e bases aprobadas para a provisión do devandito posto, BOPPO núm. 62, de data 01/04/2025, no seo do expediente 2025049119) na que se inadmite, por extemporáneo, o recurso presentado polo demandante, sen imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou á empresa Pricewaterhousecoopers *Tax & Legal, S.L.*

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

04. Sentenza da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 3 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº237/25, promovido polo COLEXIO OFICIAL DE LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DE GALICIA (COLEF GALICIA), sobre materia de persoal. (Expte. 2025063413)

Dada conta que con data 4 de xuño de 2026, tivo entrada nesta Deputación sentenza da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 3 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 237/25, promovido polo COLEF GALICIA, fronte á Resolución Presidencial de data 26/05/2025, que desestima o recurso de reposición interposto pola parte demandante fronte á convocatoria e bases reguladoras do proceso de provisión do posto de traballo de Director/a de Deportes, publicadas no BOPPO núm. 62 de data 01/04/2025, e contra a Resolución do deputado delegado de persoal, pola que se nomea a D^a. Xisela Aranda Núñez como Directora de Deportes da Deputación Provincial de Pontevedra, publicada no BOPPO núm. 104 de data 03/06/2025) na que se desestima a demanda sen imposición de custas, e cuxa defensa se lle encomendou á empresa Pricewaterhousecoopers *Tax & Legal, S.L.*

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



SENTENZAS PARCIALMENTE FAVORABLES**RECURSOS HUMANOS**

05. Sentenza da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 3 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 374/21, promovido por D^a. Remedios Pérez González, sobre materia de persoal. (Expte. 2021057091)

Dada conta que con data 1 de xuño de 2026, tivo entrada nesta Deputación sentenza da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 3 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 374/21, promovido por D^a. Remedios Pérez González, fronte á resolución adoptada en data 11/08/2021 polo Deputado de Persoal, pola que se inadmitiu a solicitude presentada pola demandante na que solicitaba se ditase resolución presidencial recoñecéndolle a consolidación do nivel 29 como grado persoal a mesma, así como que de maneira inmediata se proceda á provisión dun posto de traballo que se corresponda coas funcións ou tarefas propias da condición profesional da demandante, técnico superior de estatística, grupo A1, escala administración especial e coa progresión alcanzada na súa carreira profesional) na que por unha parte inadmite, por desviación procesual as pretensións formuladas nas letras b) e e) do suplico da demanda, e por outra parte, ordena ó ente provincial a que dite resolución recoñecendo formalmente á actora a consolidación do nivel 29 como grado persoal, sen imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou á empresa Pricewaterhousecoopers *Tax & Legal, S.L.*

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

INFRAESTRUCTURAS

06. Sentenza da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 3 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 212/25, promovido por D. Alfonso Vieitez Monteagudo, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos en vivenda no termo municipal de Moraña. (Expte. 2025060540)

Dada conta que con data 23 de xullo de 2026, tivo entrada nesta Deputación sentenza da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 3 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 212/25 promovido por D. Alfonso Vieitez Monteagudo, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos na súa vivenda, sita no lugar de O Lameiro nº11, como consecuencia da inundación que tivo lugar o día 18/10/2023, a consecuencia dos desbordamentos de cunetas e desaugues da E.P. 8201, no termo municipal de Moraña, cuantificados na cantidade de 4.440,70 €) na que se desestima parcialmente a demanda fixando como indemnización total a cantidade de 500,00 €, mais os xuros legais a contar dende a data da reclamación en vía administrativa, sen imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou ó letrado D. Víctor Manuel Prieto Cervera-Mercadillo.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.



SENTENZAS DESFAVORABLES

RECURSOS HUMANOS

07. Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 168/26, dimanante das Medidas Cautelares nº 1/26, promovidas por D. Oscar Benjamín Camiña Martínez, sobre materia de persoal. (Expte. 2026018826)

Dada conta que con data 29 de maio de 2026, tivo entrada nesta Deputación sentenza nº 348/26 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª (recaída no recurso de apelación núm. 168/26, promovido polo ente provincial contra o Auto ditado nas Medidas Cautelares nº 1/26 da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 3 de Pontevedra, promovidas por D. Oscar Benjamín Camiña Martínez contra a Resolución Presidencial de data 23/10/2025, pola que se desestima o recurso de reposición interposto contra a Resolución do Deputado Delegado de Persoal de data 12/09/2025, que acordou a modificación unilateral do horario laboral do posto de traballo do demandante) na que se desestima o recurso presentado pola Excm. Deputación Provincial e cuxa defensa se lle encomendou á empresa *Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L.*

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da mesma.

CULTURA

08. Sentenza da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 3 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 341/25, promovido pola Asociación Sociocultural e Veciñal C.S. A Pedreira, sobre materia de subvencións. (Expte.2025080336)

Dada conta que con data 22 de xuño de 2026, tivo entrada nesta Deputación sentenza da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 3 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 341/25, promovido pola Asociación Sociocultural e Veciñal C.S. A Pedreira contra a resolución presidencial de data 22/08/2025, desestimatoria do recurso de reposición interposto contra a desestimación por silencio administrativo de varias peticións con cargo ao programa "Culturea 2025") na que se estima a demanda, anulando as resolucións recorridas e condenando á administración demandada a abonar á demandante a cantidade de novecentos dez euros (910,00 €) e cuxa defensa se lle encomendou ó letrado D. José Ángel Maquieira Rodríguez.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.



18.37624.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acordou incluír na orde do día o seguinte asunto para o seu coñecemento:

- APROBACION DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “ADECUACIÓN E POSTA EN VALOR DA RÚA HORTAS REAIS. (CONCELLO DE BAIONA)” (Expte 2026004327)

Resultando.- Que ao amparo do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), a Deputación de Pontevedra asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Resultando.- Que neste marco competencial, a Deputación de Pontevedra, tras realizar os estudos preliminares precisos, solicita para á Área Funcional do Val Miñor, a senda financeira establecida na Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de actuación Integrados de entidades locais, no marco do Desenvolvemento Urbano Sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027. Dita solicitude está baseada no Plan de actuación integrado denominado PAI Val Miñor 15 Minutos e obtivo a asignación de senda financeira mediante a resolución do 16 de xaneiro de 2026 da dirección xeral de Fondos Europeos.

Resultando.- Que entre as actuacións previstas no plan de actuación e que contribúen ao desenvolvemento urbano sostible propónse no punto 5.3 do programa de implementación a “Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais no núcleo urbano de Baiona”.

Resultando.- Que estas actuacións están recollidas no proxecto técnico, aprobado polo Concello de Baiona e redactado polo arquitecto D. Angel Jaime Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación de 346.697,52 euros, IVE engadido. A este proxecto asignóuselle o código CSV: MWMZZGV3A6OBDEQG.

Resultando.- Que o Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión de data 27/03/2026 acordou aprobar o convenio de colaboración co Concello de Baiona necesario para a execución do PAI Val Miñor 15 Minutos.



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado de Acción Comunitaria, Equipamentos públicos, Fondos Europeos e Estación Flitopatolóxica de Areeiro, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona”

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 26/942.9429.652.09, dentro do proxecto de gasto código nº 2610001, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, estando retido mediante documento RC nº 12026000101616, por importe de 346.697,52€.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 24/07/2026 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Adecuación e posta en valor da Rúa Hortas Reais. Baiona”, redactado polo arquitecto D. Angel Jaime Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación de 346.697,52 euros, IVE engadido. A este proxecto asignóuselle o código CSV: MWMZZGV3A6OBDEQG.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: KJ9ED59Z5KW18OAK, informe xurídico emitido polo Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra: *“Estímase os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001. Non obstante, debería de coincidir o sinalado no proxecto e relativo á clasificación esixida para a persoa contratista, coa que se establece nos PCA. Por outra banda, a utilización de criterios de adxudicación que poden provocar unha situación de umbral de saciedade debe xustificarse no procedemento desde o punto de vista técnico así como a valoración de que empregar a experiencia como criterio de adxudicación redunde nunha maior calidade na obra a executar.”*

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: B92VL1P99UY2NAMO, informe de fiscalización do expediente favorable coa seguinte observación: *Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*



Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio".

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: "A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante".

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que "Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante."

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: "Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..."

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: "A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto..."

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial,



concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de “Adecuación e posta en valor da Rúa Hortas Reais. (Concello Baiona)”, cun orzamento base de licitación de 346.697,52 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe	286.526,88 €
IVE (21%)	60.170,64 €
Importe Total.....	346.697,52 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): PZPFLIOGRXGTTEMX, e de prescricións técnicas con código (CSV) MWMZZGV3A6OBDEQG, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 346.697,52 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/942.9429.652.09 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

19.37625.- ROGOS E PREGUNTAS: non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e corenta e seis minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Secretaria que dou fe.

